



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

## NOTA DE PRENSA 22 de febreiro do 2019

### A colleita da D.O. Ribeira Sacra, dous anos consecutivos sendo EXCELENTE

Este **venres, 22 de febreiro**, celebrouse no **Centro Sociocultural de Paradela**, a Cata de Cualificación da colleita 2018 na D.O. Ribeira Sacra, co obxectivo de establecer unha valoración media desta última colleita.

O panel de cata valorou 10 referencias, representativas das 5 subzonas (Amandi, Chantada, Quiroga- Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil), catando mostras de pequenas e grandes adegas, e mostras de depósito e xa no mercado, para ter un abano diverso, co obxectivo de determinar unha calidade media dos viños, que resultou ser **EXCELENTE**, cunha puntuación de 8.1.

Integraban o panel de cata:

- **Antonio Raluy**, membro da Asociación Galega de Catadores
- **Mateo Seoane Corral**, membro da Asociación Sumilleres de Gallaecia
- **Argimiro Levoso Touceda**, membro da Asociación Galega de Enólogos
- **Jesús Rodríguez Carreiras**, membro da Asociación Vitislucus, Expertos en Análise Sensorial e Enoturismo e Profesor de Servicios en Restauración na Escola de Hostalería de Lugo "IES Sanxiallo"
- **Alfonso Losada Quiroga**, experto en Análise Sensorial de Viños
- **Francisco Javier Rodríguez Medela**, membro do panel del cata del C.R.D.O.R.S.
- **José María Martínez Alonso**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.
- **José María Martínez Matos**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.
- **Juan Angel Martínez**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.
- **Xesús Verao Pérez**, membro do panel de cata do C.R.D.O.R.S.

**Antonio Raluy, da Asociación Galega de Catadores**, destacaba, "Son viños sorprendentes, no sentido que notabas una estrutura e un frescor, a estas alturas do ano, moi interesantes. Dá a impresión de que nos vai a levar a unha anada para gozar. Esa frescura adiántanos un ano esperanzador."

**Alfonso Losada, do panel de cata do C.R.D.O.R.S.** apuntaba, "Foi un ano no que houbo enfermidades criptogámicas do viñedo, pero a colleita que se conservou, madurou moi ben nas últimas etapas e fai que deamos esta puntuación de **EXCELENTE**".



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

## NOTA DE PRENSA 22 de febreiro do 2019

**Mateo Seoane Corral, da Asociación Sumilleres de Gallaecia,** sinalaba, "Apréciase a variedade, o frescor, o potencial que ten a Denominación de Orix. Unha calidade, que se nos remontamos a hai 10 anos, vese que a evolución é moi positiva. Todos os viños de Ribeira Sacra teñen esa froita e esa frescura propia dos chans onde nacen, a orografía, a climatoloxía... Son viños que non están pasados de grao alcólico, teñen esa punta de acidez que os diferencia do resto de viños do panorama nacional."

**Xesús Verao Pérez, do panel de cata do C.R.D.O.R.S.** destacaba "Son viños, que a estas alturas do ano están moi equilibrados, cun tanino ao que se lle ve maduración e en nariz véselles frescura, agradables, na liña que está a Denominación, ultimamente."

O **Consello Regulador** organiza esta cata co fin de informar os consumidores sobre a calidade dos viños que se van a atopar no mercado. A primeira cata de cualificación celebrouse no 1996, co resultado de "BOA". Desde entón, todas as cualificacións foron de "MOI BOA", agás no 2000, o ano pasado e este, que foron "EXCELENTES".

Consello Regulador da Denominación de Orix Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)